



NARÓN

BANDO INFORMATIVO

EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS: OBRIGAS DA XESTIÓN DA BIOMASA E DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS

MARIÁN FERREIRO DÍAZ, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE NARÓN,

FAGO SABER:

Como consecuencia das vagas de incendios que tiveron lugar o ano pasado, tanto no noso país como no país veciño, e os innumerables danos materiais e persoais que provocaron, a administración titular das competencias en materia forestal, isto é, a Xunta de Galicia, procedeu a modificar novamente a normativa en materia de incendios forestais.

De acordo pois coa modificación operada no mes de xaneiro deste ano na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, publícanse e difúndense a través deste BANDO, as obrigas que corresponden aos propietarios dos montes da nosa comunidade.

Así, en relación coas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, resulta obrigatorio para as persoas responsables, antes de que remate o mes de maio de cada ano, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable, arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoliñeiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas no solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros non poderá haber árbores das especies seguintes: piñeiro galego, piñeiro do país, piñeiro silvestre, piñeiro de Monterrey, piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, queiruga, carqueixa, xesta, uz, carpaza, xesta, piorno, fento, silva, toxo.

No suposto de incumprimento desas obrigas polas persoas responsables e sen prexuízo da exclusiva competencia da Xunta de Galicia para a instrución e determinación das posibles sancións nesta materia, a lei citada prevé que as entidades locais comuniquen a aqueles tal obriga así como a posible execución subsidiaria coa repercusión dos custos ao propietario e o decemiso da madeira.

Finalmente e segundo o artigo 92.1 da Lei 7/2012, no caso de ter que cortar arborado, os propietarios deberán comunicalo ao Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural.

Achégase con este bando o díptico informativo remitido pola Xunta de Galicia a fin de clarificar con superior detalle as obrigas expostas dos propietarios dos montes.

O que se fai público para o seu coñecemento.

Narón, 15 de maio de 2018


Marian Ferreiro Díaz